

ARTS & CRAFTS 13-20 MAIO

Este é o traballo de plástica para esta semana desglosado en cursos. A data tope de entrega é o mércores **20 de maio**. Se tedes alguna dúbida, poñede vos en contacto. Comprobade que tedes rematados os traballos anteriores a estes.

Nota: Tamén vos adxunto un arquivo con mandalas para colorear para aqueles alumnos de 3º a 6º de Primaria que queiran facer máis traballos. Empezade polas primeiras páxinas, son máis sinxelas e pouco a pouco aumenta a dificultade.

Un saúdo

1º PRIMARIA

Libro páxina 32. Nesta actividade tedes que debuxar un xardín que vos guste: na vosa casa, algún que esté cerca de onde vivides... pero empregando as **formas xeométricas** traballadas: círculo, cadrado, triángulo e rectángulo. Ideas para debuxar: flores, herba, árbores, follas, arbustos, plantas, camiños....

2º PRIMARIA

Comezamos a unidade 6 **Patterns** na páxina 30 do libro. Fixadevos na imaxe “Aztec Sun Stone Calendar” na que se poden observar distintas formas xeométricas, intentade identificalas. A continuación, completar e colorear os tres patróns que aparecen a dereita. Contestar a pregunta da actividade 2: que parte do corpo humano obsevades no centro da imaxe: arms, legs, face....? Identificades algunha emoción: happy, sad, angry...?

Ao rematar, completade a actividade da páxina 31 seguindo una orde, tanto coas formas xeométricas como coas cores.

Espero as vosas creacións!

3º-4º PRIMARIA

Libro páxina 24. Completar os tres mosaicos, repasar con rotulador rego fino e colorear. Fixadevos que son diferentes. O terceiro mosaico tedes que crealo vós.

Cando rematedes, pasades a seguinte páxina. Tedes que crear “**My mosaic flower**”, é dicir, una flor seguindo os catro pasos que dan nesa páxina e empregando a plantilla da páxina 65.

Polo que estiven vendo cando me enviastes os vosos traballos, algún de vós xa as tedes feitas, así que vós empezades a unidade 5 na que ides traballar as diferentes posicións: fondo (**background**), punto medio (**middle ground**) e primeiro plano

(foreground) na páxina 27 do voso libro. A imaxe recrea un bosque tropical no que necesitades pegar monos e árbores de diferentes tamaños que podedes atopalos na páxina 67. Para pegalos correctamente podes axudarte da imaxe da páxina 26 tendo en conta que tamaño se pega ao fondo e cal se pega no primeiro plano.

Espero as vosas creacións!

5º-6º PRIMARIA

Libro páxina 33 “**City Cubism**”. O cubismo é un movemento artístico desenvolvido a principios do s. XX. Pablo Picasso é o artista máis representativo deste movemento.

As obras cubistas caracterízase fundamental pola súa *perspectiva múltiple* e o *xeometrismo*: as formas xeométricas invaden as composicións. As formas observadas na natureza son traducidas en cilindros, conos, esferas e cubos.

Na actividade que se propón no voso libro, tedes que crear varios edificios dunha cidade seguindo as premisas desta corrente artística. Seguíde os catro pasos que hai no libro. A actividade relízase na plantilla da páxina 79. Cando rematedes o debuxo, repasade con rotulador negro e colorear con ceras de cores.

Espero as vosas creacións!